

PLANIFICACIÓN ESTRATÉGICA 2015-2020

IMPLICADAS NO DESENVOLVIMENTO

ÍNDICE DE CONTIDOS

PRESENTACIÓN

MISIÓN

VISIÓN

PRINCIPIOS E CRITERIOS

DIAGNÓSTICO DE CAPACIDADES

DIAGNÓSTICO DO MEDIO

DEFINICIÓN DE OBXECTIVOS

- COOPERACIÓN

- Contribuír ao empoderamento das mulleres das comunidades desfavorecidas do Sur e dos seus entornos.
- Afianzar e difundir o modelo de cooperación de IMPLICADAS.

- SUSTENTABILIDADE

- Ser unha organización totalmente autoxestionada.

- ACTIVISMO

- Fomentar a participación crítica e feminista da cidadanía na transformación das desigualdades Norte-Sur.

- COMUNICACIÓN

- Transformar as formas comunicativas Norte-Sur dende unha óptica feminista.
- Crear comunidade entre todas as persoas que integran IMPLICADAS.

AVALIACIÓN

ORZAMENTO

PRESENTACIÓN

No ano 2005 IMPLICADAS NO DESENVOLVEMENTO comezou un ciclo de mellora do traballo en base ao desenvolvemento da súa primeira Planificación Estratéxica (PE). A segunda PE abrangueu o período entre 2009 e 2014. Neste último ano realizamos unha revisión do conseguido nese período de tempo e dispuxémonos a marcar as metas e estratexias de traballo para os seguintes 5 anos. Neste sentido, a PE é concibida como marco de referencia de todas as persoas que integramos a organización. Por iso, dende a Xunta Directiva, foron convocadas diferentes sesións participativas nas que se tivo en conta a opinión das persoas socias e colaboradoras.

A experiencia adquirida por Implicadas fai que sexa unha organización forte. Son moitos os coñecementos, recursos e traballos que se foron realizando e que nos fan ter unha sólida posición. Con todo, a organización está constantemente exposta a fragilidades e desafíos que fan necesaria máis que nunca unha luz que guíe o noso traxecto. Sobre todo, son moitos os desafíos aos que debemos enfrontarnos agora, nun momento de tan forte redución dos dereitos, dos recursos e dos espazos.

Agardamos que este documento nos axude a poder avanzar na consecución dun mundo máis xusto para todas, sobre todo un mundo onde as nosas compañeiras do Sur poidan tomar decisións autónomas sobre as súas vidas e onde a superación da pobreza e a desigualdade de xénero sexa a maior prioridade.

MISIÓN

Traballar a prol da erradicación da pobreza coas comunidades máis afectadas e, máis en concreto, co grupo das mulleres, a través da eliminación das estruturas tanto de opresión Norte-Sur coma de xénero e contribuír, mediante un exercicio de corresponsabilidade entre Galicia e as sociedades civís do Sur, a que todas as persoas acaden unha vida digna.

VISIÓN

Implicadas entende a cooperación ao desenvolvemento dende un enfoque feminista e crítico como un intercambio coas comunidades coas que traballa, que enriquece as dúas partes e que pretende, dende a igualdade e o entendemento, conseguir un cambio a nivel global nos ámbitos do xénero, a sanidade, a educación, os dereitos humanos, a economía e todos os factores que compoñen o desenvolvemento humano perdurable.

PRINCIPIOS E CRITERIOS

Froito do traballo de debate e posta en común das activistas de Implicadas, os principios e criterios que definen o traballo de Implicadas son os seguintes:

- Implicadas posúe unha identidade clara e definida: galega, crítica e feminista.
- Implicadas é unha organización aberta que conta cunha estrutura organizada e dinámica.
- Implicadas traballa dende o coñecemento e a aprendizaxe continua, co ánimo de cambiar as cousas comezando dende abaixo (e dende o pequeno).
- Implicadas é unha organización galega comprometida co cambio social no noso país.
- Implicadas fomenta as prácticas democráticas e a toma de decisións conxuntas dentro da súa estrutura interna.
- Implicadas traballa dende o enfoque de xénero a todos os niveis, o cal implica unha política activa para a superación da discriminación das mulleres e para crear espazos nos que se faga oír a súa voz.
- Implicadas cre no dereito dos pobos ao desenvolvemento, tanto a nivel colectivo coma individual, e, en particular, ao desenvolvemento en pé de igualdade dos grupos

discriminados, máis en concreto das mulleres, que a pesar de representar a metade da poboación constituímos a maioría das persoas pobres do mundo por razóns de xénero.

- Implicadas é unha organización crítica coa sociedade do primeiro mundo e coa súa forma de vida, en especial con respecto ás políticas de axuda gobernamentais.
- Implicadas traballa en pé de igualdade con organizacións cívicas dos países do Sur que comparten os mesmos principios e criterios xenéricos.
- Implicadas fundamenta en criterios de sustentabilidade e autoxestión das comunidades as súas intervencións no terreo, de cara a que a resposta dada sexa a axeitada ás necesidades que expresen as comunidades do Sur.
- Implicadas é unha organización de base activista.
- Con respecto aos proxectos, Implicadas non contempla o envío de cooperantes ou activistas a menos que as organizacións locais así o requiran ou que o envío teña lugar dentro de programas de intercambio para coñecer o traballo das contrapartes de persoal de Implicadas.
- Implicadas considera zonas prioritarias da súa actuación Asia, polo vínculo inicial, e os países menos adiantados segundo a definición das Nacións Unidas, en concreto Etiopía. Implicadas ten especial interese en traballar naqueles países onde non exista unha tradición de traballo dende Galicia polos seguintes motivos: 1) para evitar duplicar esforzos, 2) para evitar unha concentración que podería ser contraproducente e 3) porque pensamos que cómpre ofrecer espazos nos que se escoite a voz desas comunidades coas que non nos unen vínculos de lingua ou emigración e coas que nos ten que unir por forza o sentido da xustiza.
- Implicadas traballa dende o principio de que a cultura, as experiencias e os valores dos países do Sur deben ser coñecidos e recoñecidos en Galicia. Por iso centra parte do seu traballo en difundir estes aspectos e contrarrestar así os estereotipos e ideas de superioridade ligados á roda da pobreza.
- Implicadas busca sinerxias no Norte e no Sur con outros movementos sociais cos que ten afinidade, máis en especial, o movemento feminista, os movementos culturais e o ecoloxismo.

DIAGNÓSTICO DE CAPACIDADES

Froito do traballo que Implicadas leva realizando dende hai 17 anos é a súa evolución e consolidación como organización de cooperación ao desenvolvemento de referencia en Galicia, non só pola súa filosofía de traballo senón tamén por ser a única ONGD que traballa dende o enfoque feminista. Ao longo destes anos desenvolveu na India e en Etiopía máis de 10 programas de cooperación e levou a cabo, en Galicia, diversas accións de sensibilización e activismo que se converteron en verdadeiros referentes.

A continuación descríbese a liña de vida da organización xunto cos seus logros máis importantes.

Liña de vida

1998 – Nace Implicadas.

1999 – Comeza o seu traballo na India.

2003 – Comeza o traballo en Etiopía.

2003 – Créase o grupo de voluntariado de Santiago.

2004 – Créase o Centro Crisol (Centro de Recursos e Iniciativas para a Solidariedade) con Amarante ecodesenvolvemento. A Asociación Crisol disólvese en 2007.

2005 -2008 – Desenvólvese a primeira Planificación Estratéxica.

2005 – Desenvólvese a primeira Axenda do Desenvolvemento, acción que perdura ata a actualidade.

2005 – Organízase o primeiro festival IMPLÍCATE!, actividade que perdura ata a actualidade.

2005 - Créase o gabinete de comunicación/prensa e tradutoras en liña.

2006 – Lévese a cabo o documental *A Semente, India e Etiopía*.

2006 – Implicadas é finalista nos premios Mestre Mateo polo audiovisual do resumo do Implicate emitido pola TVG.

2006 - Implicadas asiste (como única ONGD galega) ao Cumio Mundial do Microcrédito.

2006 – Realízase unha colaboración semanal de 20 minutos na Radio Galega, no programa As Quimbambas.

2007 – Créanse os Clubs de Lectura en Lugo, que logo se farán tamén en Santiago e en Vigo.

2007 – Organízase a primeira edición do curso formativo Vanakkam, que inclúe visita aos proxectos de Implicadas na India.

2007 – Inaugúrase o primeiro local propio da organización en Vigo.

2007 – Publícanse os libros *Vannakkam-benvidas* e *O son das buguinas*.

2008 - Implicadas asiste ao Congreso Internacional Mundo de Mulleres.

2008 – Cúmrese o 10º aniversario de Implicadas. Créase un DVD documental *10x10* sobre os dez anos de traballo.

2008 – Implicadas recibe o premio “Eu tamén navegar. Para unha Galiza sen violencia de xénero”, outorgado pola Secretaría Xeral da Igualdade.

2008 – Implicadas entrega por primeira vez o premio “Implicadas do ano”, acción que perdura ata a actualidade.

2008, 2009, 2010 – Lévese a cabo a acción ‘O Camiño da auga’ con actuación do grupo de danza etíope ADUGNA (Auga para Etiopía) e a participación de atletas, políticas e mulleres da cultura (Santiago, Lugo e Pontevedra).

2008 – Desenvólvese a unidade didáctica *Auga para Etiopía*.

2009 – 2014 Desenvólvese a segunda Planificación Estratéxica.

2009 – Créase un club de lectura virtual.

2009 – Lévese a cabo o *Manual de Acollida do Voluntariado*.

2010 – Lánzase a campaña 1de200 para conseguir 200 novas socias e contribuír ao programa de erradicación do infanticidio feminino en Salem (India): www.200implicadas.com

2010 - Implicadas intégrase na Red de Mujeres Africanas y Españolas e no Foro Mundial da Educación. Xa establecera accións conxuntas con: Amarante, a Cova da Terra, Memoria.

2011 - Implicadas volve a estar presente no Cumio Mundial do Microcrédito celebrado en Valladolid.

2011 – Celébrase a I Escola Feminista, acción que perdura ata a actualidade.

2012 – Lánzase a campaña Cambia de papel: www.cambiadepapel.com

2012 - Implicadas entra a formar parte da Marcha Mundial das Mulleres.

2012 – Celébrase a I carreira solidaria: Corre con Implicadas, que perdura ata a actualidade

2012 - Asínanse convenios de colaboración con agrupacións de empresas (EGANET, Casas Rurales Solidarias, Rede Galega de Empresas e EQA).

2012 – Publícanse os libros *As que rubimos montañas* e *Norte/Sur. Xénero no centro*.

2012 – Celebra o I certame de Artigos Xornalísticos Cambia de Papel.

2013 – Preséntase o documental *Cambia de papel*, dirixido por María Reimóndez, Kutti Revathi e Luís Tosar.

2013 – Publícase o libro *A miña luzada iluminaranos a todas*.

2013 – Organízase a I Andaina Solidaria, que perdura ata a actualidade

2013 - Establécense relacións coa Asociación de Mulleres Empresarias de Ourense.

2013 – Créase o GAM (Grupo de Axuda Mutua) en Ames.

2014 – Desenvólvese a terceira Planificación Estratéxica para o periodo 2015-2010.

En diversos momentos da súa traxectoria, Implicadas tivo grupos de voluntariado en Lugo, Vigo, Compostela, A Coruña, Pontevedra, Ourense, A Estrada e na Mariña de Lugo.

DAFO

Á hora de levar a cabo a planificación estratéxica realizouse unha análise pormenorizada da situación de Implicadas a diferentes niveis.

DEBILIDADES

- As fontes de financiamento son escasas para lograr a autoxestión da organización.
- Sobrecarga de traballo en certas persoas e postos sen cubrir.
- Perda de activistas nas cidades.
- Falta de activistas consolidadas no tempo.
- No periodo da PE 2009-2014 a organización deixou de traballar en cooperación en Etiopía e

centrouse exclusivamente nos proxectos da India.

- Pouca visibilidade nos medios de comunicación tradicionais.
- Baixa participación da base asociativa.

AMEAZAS

- Entorno pouco proclive á forma (e ao fondo) de traballo de Implicadas.
- Tendencia crecente das institucións e da cidadanía a dar prioridade a problemas máis visibles, locais e inmediatos.
- Polo anterior, posible crecemento insostible en canto ás fontes de financiamento (redución de fontes, etc.)

FORTALEZAS

- Estabilidade no panorama de ONG galegas: Implicadas é unha organización referente no mundo da cooperación en Galicia.
- Colaboracións estables co mundo da cultura galega e do deporte galego.
- Visibilidade das principais actividades da ONGD (festival Implícate, carreira solidaria, visitas de activistas do Sur...) na prensa escrita e dixital.
- Reputación e seriedade indiscutibles como organización referente e única en canto ao enfoque feminista nos seus proxectos.
- Estabilidade como organización durante 17 anos de traballo ininterrompido e importante potencial para medrar (na actualidade cóntase con dous locais, un propio en Vigo e outro en Lugo cedido polo Concello desta cidade).
- Mantemento de persoas activistas formadas e con bastante experiencia nas tarefas de sensibilización.
- Estrutura democrática e participativa.
- Boa relación coas contrapartes no Sur, o que posibilita o traballo conxunto complementario como publicacións ou campañas.

- Papel de referencia en canto á realización de proxectos participativos.
- Capacidade de formar a outras organizacións e xerar un coñecemento propio nestes campos.
- Traballo en países que están fóra do campo habitual da acción das ONG galegas.
- Base asociativa fixa e fiel.

OPORTUNIDADES

- Achegar creatividade á hora de transmitir mensaxes nas nosas propias canles e marcar unha diferenza á hora de comunicar.
- Aproveitar canles de difusión doutros axentes locais (universidade, puntos de información xuvenil, etc.).
- Ampliar contactos con outras institucións (concellos, persoas do mundo cultural, etc.).
- Ter a capacidade de formar a outras ONG sobre GAM e enfoque de xénero.
- Ofrecer a empresas a posibilidade de asociarse e crear sinerxias.
- Poder traer, grazas á boa relación con PDI, diferentes persoas do Sur que falen en primeira persoa do traballo que se desenvolve alí e que lle poñan cara e voz aos proxectos.
- Realizar cursos de formación centrados na acción de Implicadas e no ámbito da muller e da perspectiva de xénero.

DIAGNÓSTICO DO MEDIO

A cidadanía

O momento en que se realiza a PE está marcado polos efectos da chamada “crise”. Unha das súas consecuencias é que os temas de cooperación ao desenvolvemento teñan unha vixencia aínda menor da que tiñan na sociedade galega ata ese momento.

Factores como os altos índices de desemprego, a baixada do salario do funcionariado e a redución dos ingresos das familias fan que **sexo cada vez máis complicado contribuír economicamente con organizacións como Implicadas**. Isto levou a que no ano 2014, por primeira vez na historia da organización, houbera máis baixas ca altas na base asociativa da organización. Esta situación de

precariedade á que se ve sometida a poboación galega tamén implica que diminúa a **dispoñibilidade de tempo que ten o voluntariado**, dado que a xente precisa investir as súas enerxías na busca activa de emprego ou ben compensar as carencias do estado de benestar co seu propio tempo, algo que afecta principalmente as mulleres, o groso da nosa base asociativa.

Porén, o atranco máis importante ten que ver se cadra co concepto da caridade, que supón dúas eivas complementarias. Por unha banda, a idea de que non é preciso *axudar* as persoas que están lonxe cando hai tanta necesidade nas nosas propias sociedades. Pola outra, a visión de que o prioritario é cubrir mediante a caridade unhas necesidades básicas de alimento, roupa ou xoguetes. A caridade instáurase como o discurso central mediático para confrontar a pobreza, dentro ou fóra das nosas fronteiras.

No entanto, paralelamente, a reacción social ante a crise adoptou unha dimensión máis reflexiva que reclama o papel do estado como garante de dereitos e servizos básicos fronte aos recortes (por exemplo, coas mobilizacións masivas por parte dos colectivos vencellados á sanidade ou ao ensino público).

Neste contexto, IMPLICADAS sitúase nunha posición privilexiada para chegar á cidadanía en dous sentidos. Por unha banda, ao desmontar o discurso das supostas *prioridades* fronte á pobreza amosando a conexión entre os sistemas que provocan pobreza no Norte e no Sur; pola outra, ao amosar os métodos e recursos das mulleres do Sur para arreoñerse a tales situacións. IMPLICADAS ten efectivamente a capacidade de difundir información sobre os coñecementos das nosas compañeiras e axudar a establecer alianzas que se baseen no principio de que todas as crises son en realidade a mesma. Ademais, pode cuestionar co seu traballo a idea da caridade, amosando como este enfoque non só non resultou produtivo, senón que ademais xerou máis desigualdade e máis pobreza. Para isto, abonda poñer de manifesto o que aconteceu nos países en vías de desenvolvemento e facer fincapé nas prácticas de empresas como as do grupo INDITEX así como no feito de que as mulleres galegas teñen agora que volver traballar en condicións de explotación que se deslocalizaran. Asimesmo é importante lembrar que algúns dos efectos patentes da axuda foron a desactivación da cidadanía, a corrupción, etc.

Ademais de todo isto, a redución dos espazos de acción para as persoas galegofalantes e do espectro nacionalista fai que cada vez o público potencial dunha organización coma Implicadas sexa máis reducido ou estea menos artellado. O caso dos medios de comunicación, nos que cada vez hai menos espazo para a difusión das nosas novas ou accións, é un exemplo paradigmático

desta involución. A consecuencia é que debemos converternos, de xeito prioritario, en creadoras de contidos e espazos e buscar novas vías para chegar á poboación.

As institucións

O feito de que, no contexto actual, as institucións desistiron das súas obrigas como entes de redistribución da riqueza ten importantes consecuencias no eido da cooperación ao desenvolvemento. A redución de fondos da Xunta de Galicia e o desmantelamento do sistema de cooperación descentralizada a nivel do estado español son dous elementos clave deste contexto. Neste momento, ademais das convocatorias da Xunta que mesmo algúns anos non se chegaron a publicar e que se manteñen nun estándar de concesión errático e claramente mediatizado, as únicas entidades que manteñen apoio ás ONGDs son o Fondo Galego de Cooperación e algúns concellos a nivel individual (sobre todo no tocante ás actividades de sensibilización).

Nesta situación de grande debilidade, sobre todo económica, pero non só, que atravesan as organizacións, IMPLICADAS conta cunha boa posición grazas á súa grande independencia e ás posibilidades reais de manterse, mesmo con moitas dificultades, en fases carentes de axudas públicas, como foi o ano 2013.

O marco da cooperación ao desenvolvemento

O contexto das organizacións de cooperación ao desenvolvemento resulta cada vez máis contrario ás formas de traballo e principios de IMPLICADAS. De forma cada vez máis maioritaria, as ONGDs recorren á caridade e ao mercantilismo como recursos para a súa supervivencia. Nun contexto de redución de recursos prima o interese económico, os contratos de persoas en precariedade laboral para facer socias e socios pola rúa e as pelexas por rabuñar cartos das convocatorias públicas que quedan.

Esta situación supón para IMPLICADAS un problema comunicativo importante. Estar vinculadas a un sector que camiña nunha dirección totalmente oposta á fixada polos nosos principios, constitúe un obstáculo que cómpre considerar. Se ben a organización é unha ONGD debido ao tipo de traballo que desenvolve (digamos *de iure*), en realidade, a nivel comunicativo e *de facto*, resulta moito máis axeitado definirmos como organización feminista que traballa coas mulleres do Sur. Isto evita que a cidadanía, sobre todo aquela crítica e que potencialmente se poida unir ao traballo de IMPLICADAS, identifique a organización cos trazos antes descritos.

DEFINICIÓN DE OBXECTIVOS

COOPERACIÓN

Obxectivo C1:

- **Contribuír ao empoderamento das mulleres das comunidades desfavorecidas do Sur e dos seus entornos**

A filosofía de traballo de Implicadas parte dunha visión da solidariedade feminista segundo a cal o traballo de colaboración xorde dunha conciencia de lugar. Isto quere dicir que o traballo que se realiza no Sur se basea no respecto pola diversidade e polas decisións das mulleres coas que cooperamos. Neste sentido, Implicadas e as súas organizacións locais compañeiras teñen como función principal abrir espazos e compartir metodoloxías que lles ofrezan ás mulleres un lugar dende o cal analizar as súas situacións de vida, expresarse e sobre todo poñer en marcha procesos de cambio a través do diálogo e do activismo. Implicadas cre na capacidade das mulleres para conseguir a transformación das súas sociedades e sobre todo unha autonomía a todos os niveis. Dende ese punto de vista, as accións de Implicadas en cooperación buscan non só incidir en aspectos económicos ou sociais, senón sobre todo no aspecto político do recoñecemento de dereitos e na visibilización e transformación das estruturas de xénero existentes en cada comunidade.

Resultado agardado C1.1:

- **Manter durante esta PE dous programas no sur da India**

Dende o ano 1998 Implicadas traballa no Sur da India en colaboración coa organización compañeira People's Development Initiatives (PDI). A longa experiencia de traballo permite manter e mellorar de forma constante as intervencións que se realizan coas mulleres e as súas comunidades en diferentes distritos de Támara Nadu. Durante o período desta PE manteranse ata o seu remate os programas comezados e acordaranse novos procesos de intervención coas mulleres e PDI.

Accións:

- **Traballar conxuntamente coa contraparte PDI e coas mulleres das comunidades na planificación, desenvolvemento e seguimento de programas de cooperación**

- **ERRADICACIÓN DO INFANTICIDIO FEMININO EN SALEM:**

Este programa, que traballa en 4 bloques do distrito de Salem, leva en funcionamento dende 2007. O obxectivo xeral do programa é o de contribuír a reducir a violencia de xénero e a discriminación de xénero en xeral. En concreto, trátase de crear un ambiente libre de violencia para as mulleres e as nenas dos catro bloques seleccionados do distrito de Salem e acadar o empoderamento das mulleres e as nenas dende o punto de vista económico, social e de xénero, para que poidan exercer os seus dereitos. Factores como a complexidade do tema tratado e a extensión da poboación que participa nel (unhas 200.000 persoas) fixeron que a súa duración, dependente sempre dos procesos das propias participantes, fose superior ao que é habitual nas intervencións de Implicadas. O programa está na súa fase final e agárdase que en 2015 quede pechado definitivamente coa creación da Federación de GAM, que se faría cargo de todas as intervencións que foron transferidas de PDI ás propias mulleres ao longo dos anos.

A partir de 2016 está previsto o inicio dun novo programa que, reproducindo o anterior, incida en novos bloques do distrito de Salem. O obxectivo é impulsar na totalidade do distrito, co paso do tempo, a mudanza que se acadou por parte das mulleres nos anteriores bloques así como a consolidación dunha forte federación de mulleres que poida intervir na sociedade a todos os niveis, dende unha perspectiva de cambio das estruturas de xénero e de erradicación de todas as formas de violencia contra as mulleres.

- **EMPODERAMENTO DE MULLERES EN TIRUCHY II**

Esta fase do programa incide en 5 suburbios e 5 aldeas do distrito de Tiruchy. O programa supón a segunda fase dun programa anterior que rematou con éxito en 2013. Está previsto que este programa dure ata 2019. O **obxectivo** é contribuír á erradicación da pobreza nas zonas seleccionadas do distrito de Tiruchirapalli a través do empoderamento das mulleres dende unha perspectiva económica, social, política e de xénero. Así, o programa traballa, dende a metodoloxía dos GAM como base, aspectos educativos, sanitarios e de sensibilización de xénero. Agárdase ao final a integración dos suburbios no Consello comunitario, órgano democrático xa existente na cidade de Tiruchy, representativo das mulleres dos suburbios, que será responsable de continuar o traballo unha vez rematado o

programa. Na zona rural porase en marcha un Consello semellante ao remate desta intervención.

Estes dous programas poden verse complementados por módulos sobre temas específicos, sempre e cando se dean as circunstancias de financiamento axeitadas.

Resultado agardado C1.2:

- Retomar o contacto con Etiopía

Durante o proceso participativo que se puxo en marcha para realizar esta PE, quedou patente que algunhas integrantes da nosa base asociativa se sumaran ao proxecto de Implicadas motivadas polo traballo da organización en Etiopía e reclamaron a necesidade de volver traballar nesta zona. Ademais, a propia organización considera necesario estender as redes de traballo a máis países para conseguir un maior impacto, sobre todo dentro de Galicia, a partir das accións que se realicen. Por outra banda, a existencia dunha organización especializada como Memoria, coa que Implicadas colaborou e pola que finalmente abandonou o seu traballo en Etiopía, non semellan ter un impacto suficiente. A pesar do proceso de apoio técnico por parte de Implicadas, en certos momentos realmente intensivo, Memoria non interiorizou os principios e maneiras de traballar de Implicadas, polo que a nosa organización contempla agora retomar o seu labor en Etiopía.

Aínda que as posibilidades de actuación nos países do Sur están sempre limitadas por restricións de tipo económico, esta PE prevé os primeiros pasos para retomar o traballo neste país. Debido a unha colaboración que se prolongou durante anos, Implicadas aínda conserva alí contactos a varios niveis:

- Contacto con COSAP, plataforma de ONGs que traballa con GAM e que neste momento ten relación directa con diferentes federacións de GAM, entre elas as creadas a raíz do noso programa de Empoderamento de Mulleres en Mersa.
- Contacto coa Asociación de Escritoras Etíopes.
- Contacto con integrantes do Adugna, grupo (agora desaparecido) de danza para a transformación social.

Existe, polo tanto, a posibilidade de retomar proxectos a diferentes niveis, dende colaboracións artísticas ata novos proxectos coas mulleres dos GAM.

Accións:

- **Visitar e retomar contactos en Etiopía, en particular con organizacións de base de mulleres**

Durante esta PE estableceranse as bases para traballar de novo no país. En concreto, estas materializaranse nas seguintes actividades:

- Visita ao país: planifícase unha visita da coordinadora de programas de cooperación ou das persoas do grupo de traballo desta área para avaliar a posible colaboración con Federacións de GAMS e retomar o contacto directo, en particular coa federación de Mersa. Esta visita terá dous obxectivos concretos: 1) avaliar o impacto do traballo a longo prazo (o programa rematou en 2009) e 2) avaliar posibilidades de colaboración novas, coa Federación de Mersa ou outras. Polo xeral, os orzamentos das federacións tenden a ser limitados e poden ser un marco de traballo ideal para Implicadas, non só dende o punto de vista económico, senón tamén no tocante á relación directa coas protagonistas dos programas unha vez que estes rematan.
- Organización dunha actividade en colaboración con activistas etíopes no marco das actividades de activismo xeral previstas para Implicadas.

Obxectivo C2:

○ **Afianzar e difundir o modelo de cooperación de IMPLICADAS**

Ao longo dos seus máis de 15 anos de traballo, IMPLICADAS foi quen de desenvolver unha maneira distintiva de relacionarse coas comunidades do Sur e de formular as bases do seu enfoque no tocante ao desenvolvemento de programas con estas comunidades. Se ben algúns dos aspectos deste traballo están sistematizados e foron evolucionando grazas a acordos internos da organización, nesta PE detectouse a necesidade de recoller o modelo dunha forma explícita e formal.

O modelo de cooperación de IMPLICADAS ten xa varios elementos ben definidos:

- *Relación de igualdade coas organizacións compañeiras e as comunidades, en tanto que as decisións se toman de xeito conxunto e acordado.* Isto materialízase, por exemplo, na coordinación das accións para o 8 de marzo ou o 25 de novembro segundo as prioridades das mulleres dos programas e os seus focos de interese; a determinación de novas metodoloxías

ou enfoques de traballo segundo os coñecementos, capacidades e desexos das compañeiras do Sur; a posición de IMPLICADAS como oínte e a súa actitude de aprender man a man coas compañeiras do Sur; a atención ás necesidades que as organizacións compañeiras expresan a respecto das vías para mellorar o traballo ou a súa organización interna.

- *Consideración das compañeiras do Sur como xeradoras de coñecemento.* A través das organizacións e a todos os niveis, IMPLICADAS parte da base de que as compañeiras do Sur son produtoras de coñecemento. Un exemplo claro disto ten que ver coa difusión da metodoloxía dos GAM, baseada neste principio, no papel autónomo das mulleres e na súa capacidade de levar a cabo os seus obxectivos no espazo común de apoio que propoñen os grupos.
- *Un marco que cuestiona a herdanza colonial como marco de referencia na cooperación.* Neste sentido, IMPLICADAS tomou xa diferentes decisións, algunhas mesmo no momento da súa fundación, non só a nivel de comunicación coa sociedade galega, senón tamén no establecemento de formas de traballo moi concretas. Así, a propia selección das zonas de traballo non se move por supostos “vínculos” (linguas, polo xeral) establecidos en épocas coloniais. En IMPLICADAS consideramos que achegarnos á outra esixe o esforzo e a vontade das persoas dos países desenvolvidos, sobre todo en aspectos coma estes. Outra decisión neste sentido ten que ver con evitar enviar persoas en calidade de “voluntarias” aos programas, a menos que as mulleres e organizacións compañeiras fagan petición expresa dalgunha colaboración. Neste sentido, deixando a un lado o traballo de acompañamento que se fai dende IMPLICADAS, as relacións que IMPLICADAS promove parten da base do intercambio e do coñecemento, da idea de que as persoas de Galicia somos as que debemos aprender das compañeiras do Sur. Así hai que entender iniciativas como Vanakkam, a través da cal as participantes coñecen os proxectos de primeira man, mentres que as compañeiras do Sur tamén poden comprender como funciona a nosa organización e as persoas que a integramos. Ao mesmo tempo, refúganse prácticas como a de facer constar o nome de IMPLICADAS en ningún material dos programas no Sur. Neste sentido, tamén destaca a iniciativa de IMPLICADAS de buscar sempre recursos locais á hora de levar adiante iniciativas como reportaxes, exposicións, vídeos, etc. Fronte á tendencia xeneralizada de desprazar equipos dende Galicia, IMPLICADAS prioriza sempre que sexan as persoas dos propios lugares as que se involucren a todos os niveis, falen en primeira persoa e acheguen a súa propia visión. Isto non só contribúe a remunerar a persoas que o precisan nese contexto, senón que

tamén implica unha cuestión filosófica básica para a organización: a necesidade de romper as dinámicas de representación da outra.

- *Alianzas coas feministas do Sur e contribución á creación de xinealoxías propias.* Outra característica xa definida do traballo de IMPLICADAS en cooperación ten que ver coa visión e práctica consciente dunha política de vínculo entre o traballo de promoción de programas e as feministas locais. Así, nos programas de IMPLICADAS búscase sempre que as mulleres das comunidades coas que se traballa poidan establecer contacto con activistas e atopar os seus propios referentes. Espazos como o 8 de marzo, 25 de novembro, obradoiros de fotografía, de escrita de obras de teatro ou de poesía, entre outros, permítenlles ás mulleres de suburbios ou aldeas entrar en contacto con feministas das súas propias comunidades coas que establecer redes de traballo sólidas. Ademais disto, o traballo en cooperación de IMPLICADAS supera con moito os denominados “programas”, dado que a organización busca tecer redes con mulleres a diferentes niveis para presentar a gran diversidade de situacións de vida, puntos de vista e vías de intervención e empoderamento existentes nas sociedades onde traballamos, algo fundamental á hora de acabar con visións coloniais da outra.
- *Independencia dos programas.* Dende o ano 2010 IMPLICADAS vén adoptando unha política clara en canto á xestión dos programas, de cara a acadar a total independencia destes con respecto a flutuacións nas vontades e criterios de entes externos. IMPLICADAS adoptou unha política de financiamento autónomo dos programas decisiva á hora de definir de forma acordada e mutua os termos que van determinar o seu desenvolvemento, evitando as interferencias de prioridades alleas ás das comunidades, as organizacións compañeiras e a base social de IMPLICADAS.

No momento de elaboración da PE constatouse a necesidade de continuar afondando neste modelo e sobre todo de sistematizalo para poder facelo transferible e dalo a coñecer entre as activistas de IMPLICADAS dunha forma sinxela e que vaia máis alá dunha mera transmisión como “informe” dos programas.

Resultados agardado C2.1:

- **Sistematizar o modelo de cooperación de IMPLICADAS**

Durante o período desta PE, IMPLICADAS contará con documentos que sistematicen o modelo de cooperación. Partirase dun documento básico que poida logo difundirse entre as activistas. Do mesmo xeito, difundiranse as ideas básicas do modelo, que se seguirán negociando e enriquecendo con contribucións das compañeiras do Sur.

Accións:

- Crear un documento base sobre o modelo de traballo en cooperación de IMPLICADAS

A primeira acción que se levará a cabo para conseguir os resultados agardados será a sistematización nun documento base sobre a filosofía e metodoloxía básica en cooperación de IMPLICADAS: o “modelo IMPLICADAS”. Este documento será logo difundido en distintas xornadas de formación para as activistas e será enriquecido con diferentes contribucións, análises e valoracións durante o período da PE.

- Crear un grupo de traballo en cooperación

Para afianzar o modelo IMPLICADAS é fundamental que as funcións e tarefas en cooperación deixen de estar concentradas nunha única persoa. Así, a partir da elaboración do documento base e da súa difusión, seleccionárase un grupo de persoas interesadas en formar parte do grupo de traballo en cooperación, que irá recibindo formación paulatina para poder ir asumindo funcións ao final da PE.

- Organizar viaxes de integrantes da Xunta Directiva para formarse e coñecer de primeira man os programas

Como medida fundamental para crear o grupo de traballo e tamén con vistas a unha mellor integración do traballo de cooperación no groso de tarefas da organización, planifícase que nesta PE as integrantes da Directiva poidan facer visitas de formación aos programas con marcos e temas determinados. Sempre en colaboración coas nosas organizacións compañeiras, as integrantes da directiva irán coñecendo de primeira man diferentes aspectos do traballo directo coas compañeiras do Sur.

- Difundir os informes de impacto dos programas

Durante esta PE afianzarase a difusión dos informes regulares dos programas, mais tamén de forma sinalada os informes que se realicen sobre o impacto dos programas unha vez estes

conclúan ou no caso de visitas específicas. A difusión dos informes debe producirse tanto a nivel interno coma tamén entre a cidadanía para reforzar a comunicación de IMPLICADAS.

- **Participar anualmente, durante o período da PE, nun foro internacional sobre cooperación e nun foro galego**

Durante o período da PE prevese a presentación do modelo IMPLICADAS tanto en foros internacionais sobre cooperación ou feminismos coma en foros organizados a nivel galego por outras entidades polo menos unha vez ao ano.

- **Visitas técnicas do Sur**

Durante a PE prevese tamén a visita de integrantes das organizacións compañeiras para poder afondar no modelo coas activistas de IMPLICADAS e facer fincapé en diferentes aspectos deste. Garantírase que se realizan dúas visitas deste tipo ao longo da PE.

SUSTENTABILIDADE

Obxectivo S1:

- **Ser unha organización totalmente autoxestionada**

Nos últimos anos Implicadas No Desenvolvemento viuse afectada economicamente pola redución de fondos outorgados no ámbito de cooperación ás ONGDs. Dada a inestabilidade existente con respecto ás convocatorias ofrecidas polas distintas entidades (Fondo Galego de Cooperación, DXREeUE, concellos, etc.) ás organizacións en xeral, e en particular a Implicadas, e dado que os fondos correspondentes son limitados e insuficientes, a organización considera que o enfoque de traballo durante o período da nova PE (2015-2020) debe orientarse a incrementar os fondos propios e así lograr a total autoxestión, é dicir, a independencia con respecto ás fontes de financiamento procedentes do campo da cooperación.

Resultado do Obxectivo S1.1:

- **Ter a capacidade de manter con orzamento propio os programas de cooperación, local, salario e unha acción de activismo**

Ao remate do período da anterior PE (2009-2014), Implicadas contaba con 184 persoas socias. Cremos que para cumprir o obxectivo marcado e acadar a independencia con respecto ás fontes de financiamento procedentes do ámbito da cooperación, será necesario acadar nos vindeiros cinco anos unha base asociativa de 300 socias (unha media de novas 23 socias por ano). Deste xeito, a organización gañaría independencia, forza e eficacia.

Accións:

- Campañas de captación de socias/os

Unha das accións principais para acadar esta meta, contar con 300 novas socias en 2020, consiste en desenvolver polo menos unha campaña bianual de captación de socias. Para iso deseñaranse unha serie de obxectivos e mensaxes a través dos que se lle poida achegar á cidadanía galega o traballo e filosofía de Impliadas e se anime as persoas a participar e contribuír de maneira constante no tempo.

A organización aproveitará aquelas convocatorias públicas especificamente deseñadas para este fin e desenvolverá estas campañas na medida das súas posibilidades. Tamén se aproveitarán todas as actividades de activismo que xa se realizan para achegarse a nova xente e animala a colaborar e facerse socia.

- Manter socias/os

Dado que IMPLICADAS se caracteriza por ser unha organización de total transparencia, mandarémolle á totalidade da base asociativa (a través do correo electrónico que figura na base de datos) información sobre as campañas e as actividades que a organización poñerá en marcha en Galicia durante este tempo (2015-2020), así como os informes trimestrais e finais dos programas de cooperación, alén doutras informacións de relevancia. Ademais, para consolidar o sentido de fidelidade e a sensación de pertenza, é importante facer que a base asociativa participe nas iniciativas e decisións que se teñan que tomar durante estes vindeiros anos. Neste sentido, propomos de cara ao novo período as seguintes accións:

- Seguir utilizando o correo electrónico que nos faciliten as persoas que se asocian a Implicadas para facer os comunicados que Implicadas considere oportunos.
- Incidir en que asistan á **Asemblea Xeral Ordinaria**, dado que a base asociativa é quen configura o órgano supremo da organización.

- Involucrar a base asociativa nalgúnhas dedicións e aspectos puntuais e particulares que se poidan ir dando nestes anos a través do envío de pequenas enquisas, formularios...

- **Buscar novas fontes de financiamento**

A organización empregará todas as ferramentas dispoñibles ao seu alcance para incrementar o financiamento. Teráanse en conta novas fórmulas da rede, así como ideas complementarias que permitan acadar máis doazóns e mesmo novas socias. A continuación detállanse algunhas das propostas que se levarán a cabo nos próximos cinco anos:

- Colaboracións con empresas ou profesionais. Trátase de colaboracións non monetarias, senón en especie, a través ben de materiais concretos ou ben de servizos que se precisen para algunha actividade ou para a organización.
- Grupos de *teaming*. Nestes momentos Implicadas conta cun grupo de *teaming* a través do cal calquera persoa pode doar un euro ao mes a un proxecto. Nos cinco anos de vixencia desta PE (2015-2020) crearase outro grupo de *teaming* con outro proxecto para obter novos *teamers* e financiación extra.
- Proxectos de *crowdfunding*. Esta modalidade de financiamento solidario xa foi empregada pola ONGD para algunhas actividades como o Implicate. Preséntase como unha alternativa á hora de obter doazóns para desenvolver algún tipo de actividade, publicar un libro, etc.
- Convocatorias públicas. O obxectivo segue sendo manter a presentación de propostas para diferentes actividades e proxectos da organización tentando tamén optar a maiores contías.

- **Fomentar actividades no local de IMPLICADAS para crear fluxo de persoas e fondos**

Implicadas conta na actualidade cun local propio en Vigo que funciona como oficina técnica e como tenda na que se venden produtos da organización (libros, cadernos, tazas, camisetas...) e de comercio xusto. Neste período pretendemos converter o local nun punto de referencia da cidade e para iso desenvolveranse máis actividades, tanto propias coma de organizacións alleas que coincidan coa nosa filosofía de traballo. O local será deste xeito un punto de encontro de diferentes colectivos. Ademais dunha maior visibilidade da organización, conseguirase un aumento dos fondos coas vendas que se produzan.

Resultado do Obxectivo S1.2:

- **Contar con máis persoas organizadas en estruturas participativas e eficientes dende o punto de vista da xestión**

IMPLICADAS enténdese dende a súa creación como unha organización que ten a súa base nas persoas activistas que a conforman e na que os esforzos desinteresados da sociedade galega a prol das comunidades do Sur poden atopar unha canle de organización e activación. Polo tanto, o activismo, entendido como compromiso de fondo calado, resulta fundamental para o funcionamento da organización.

Neste sentido, o obxectivo para este período é seguir procurando o aumento da base de activistas e unha mellora da súa participación e organización. Para acadar este obxectivo establécense as seguintes accións:

Accións:

- **Atraer activistas**

IMPLICADAS pretende aumentar a súa base de activistas nun total de 50 persoas nestes 5 anos. Para isto realizaranse como mínimo dúas actividades específicas de captación anuais (unha por semestre) en cada un dos grupos que xa estean en funcionamento. Ademais procurarase reactivar os grupos que existiron noutras cidades con anterioridade.

- **Manter as activistas na organización**

Malia que ao longo destes últimos anos se foron mantendo os grupos de activistas polo menos en dúas ou tres localidades á vez e que os grupos virtuais estiveron sempre en activo, detectáronse a miúdo problemas de cohesión interna e de compromiso responsable que levaron á desestruturación dos mesmos, chegando incluso a desaparecer algúns deles.

Para poder afianzar os grupos, o primeiro paso é seleccionar as persoas que poden formar parte da base de activistas dun xeito máis organizado para evitar grupos flutuantes e inoperativos. Neste sentido, establécese como punto importante a reactivación da figura da coordinadora de activistas e o establecemento dun proceso estruturado e claro de selección, acollemento e incorporación aos grupos no que xogará un papel relevante tanto esta figura coma a figura de coordinadora de grupo.

Ademais do adecuado proceso de integración, resultan claves a cohesión interna e o compromiso responsable das persoas que integran cada grupo. Neste sentido procurarase, en primeiro lugar,

reforzar a parte máis social e lúdica dos grupos e da organización, co fin de xerar unha conexión entre as persoas participantes que permita un maior compromiso entre elas e, por ende, coa organización. As estratexias para este fin poderán ser: realizar algunha actividade exclusivamente lúdica dentro dos grupos; incluír algunha dinámica de coñecemento ou cohesión grupal dentro das reunións mensuais; fomentar o contacto das activistas coas persoas que nos visitan dende os proxectos da India en ambientes máis informais, etc.

Por outro lado, considérase a figura de coordinadora de grupos como unha peza clave para a motivación e a conexión das persoas activistas coa organización. Por iso, é necesario realizar unha boa preparación, seguimento e apoio das mesmas por parte da coordinadora de voluntariado. Para isto, estase a considerar a posibilidade de realizar dúas xuntanzas ao ano coas coordinadoras dos diferentes grupos de voluntariado tanto presencial coma virtual para comentar dificultades, deseñar estratexias de motivación, etc.

- **Mellorar as capacidades mediante formación**

Dende IMPLICADAS pensamos que a formación é unha das claves máis importantes de cohesión das persoas activistas, así como de mellora do labor que realizamos. Por este motivo, apóstase por continuar coas dúas liñas de formación estables que se levan facendo durante os últimos anos:

- Formación interna dos grupos presenciais. Cada grupo incluírá nas súas reunións mensuais formacións internas que irán recollidas na acta. Para esta reunión mensual unha integrante preparará unha exposición breve (entre 15 e 20 minutos) sobre un tema de interese para o grupo (xestión da organización, as campañas de IMPLICADAS, os proxectos na India, os grupos de axuda mutua, enfoque de xénero, etc.) que será acordado na sesión anterior. Para realizar exposicións de calidade, as activistas poden e deben solicitarlle á organización toda a información que consideren necesaria. Na acta correspondente, ademais do tema, recollerase a valoración por parte do grupo. Trátase dunha tarefa rotatoria e ningunha integrante do grupo poderá quedar excluída dela. Espérase que ao remate de cada ano cada grupo realice un total de nove formacións internas e que con elas se adquiran e melloren os coñecementos sobre a cooperación internacional, a organización e os seus proxectos.
- Xornadas de formación dirixidas a todas as persoas activistas. Estas xornadas cumpren unha función formativa, pero ademais actúan como importante elemento de cohesión e vinculación das persoas coa organización. A través das xornadas, as activistas profundizan o seu coñecementos sobre a organización e reciben unha formación de calidade sobre diferentes

temas, relativos tanto á organización e á súa xestión coma aos proxectos ou contidos relevantes, tales como o enfoque de xénero, cooperación internacional, etc.

Durante o período desta planificación estratéxica, realizaranse nove xornadas de formación que terán unha duración dunha fin de semana e serán celebradas un vez por cuatrimestre.

Ademais destas formacións de fin de semana, programaranse outras formacións de activistas que estarán abertas ao público e incidirán na eficacia do traballo e no coñecemento da organización.

- **Fomentar a rotación de cargos**

En IMPLICADAS enténdese que a rotación de cargos é fundamental para asegurar a participación efectiva e a calidade do traballo das activistas. Para que esta rotación se realice de forma eficaz e sexa máis doada para as activistas, considérase importante contar cun plan de formación definido. Nel, ademais das medidas para acompañar a nova persoa no inicio da ocupación do cargo, sería importante que se contemplaran pequenas estratexias de seguimento e comunicación por parte da coordinadora de activistas ou do resto de compañeiras que ocupan cargos semellantes.

- **Ter ao día o manual da activista**

O manual da activista é o documento que acolle as persoas que se achegan á organización para colaborar, polo que é de vital importancia para clarificar funcións, xerar unha impresión adecuada á realidade da organización, transmitir a misión e visión de Implicadas, etc.

A organización interna de Implicadas mudou nos últimos anos, polo que sería necesario actualizar este manual e incluír esta nova visión do voluntariado como activistas.

• **ACTIVISMO**

Obxectivo A1:

- **Fomentar a participación crítica e feminista da cidadanía na transformación das desigualdades Norte-Sur**

IMPLICADAS vese seriamente afectada polo enfoque caritativo e asistencialista interiorizado na sociedade occidental. A perspectiva social de que as ONG son espazos para o voluntarismo individual e a axuda puntual a outras persoas e/ou á sociedade debe ser superada e substituída polo obxectivo de mudar a sociedade, ter entre as súas socias, non voluntarias, activistas: persoas

que identifican as necesidades e eivas para buscar estratexias que dean solución aos problemas detectados.

Un dos obxectivos de IMPLICADAS é facer consciente a sociedade galega da súa propia responsabilidade no mantemento das inxustas relacións Norte-Sur e da súa capacidade para transformar esas relacións, tanto a través da incidencia política – reflexionando sobre os gobernos e as políticas que nós promovemos – como a través das mudanzas na vida cotiá – reflexionando por exemplo sobre os nosos hábitos de consumo.

Para iso é preciso mudar tamén a nosa perspectiva, reflexionar sobre a situación de Galicia no mundo. Afeitas a sermos marxe no contexto do Estado Español e de Europa, chegamos a asumir que formamos parte do Sur, que somos logo as discriminadas, as colonizadas, as marxinas. Mais non debemos esquecer que continuamos a estar en occidente, formando parte desa Europa que está a consumir os países do Sur.

No eido da loita feminista acontece unha dinámica semellante. IMPLICADAS quere poñer en contacto as voces feministas das compañeiras do Sur coas nosas do Norte, para non caermos na crenza occidental de que só hai un feminismo, o noso.

Resultado A1.1:

- **Conseguir que a cidadanía do Norte sexa quen de ver o impacto que teñen nas mulleres do Sur as nosos hábitos no Norte**

Non só o lanzamento de campañas específicas, con mensaxes claras, senón tamén o traballo diario e continuo, son elementos moi importantes á hora de chegar á cidadanía. Trátase de poñer enriba da mesa diferentes temas que chamen a atención e movan á acción.

A procura da igualdade de xénero como base para o desenvolvemento humano ten que ser o pilar fundamental de todo o traballo de activismo de Implicadas. Para iso, levaranse a cabo diferentes accións que poñan de manifesto a necesidade de cambio no Norte para erradicar a pobreza no Sur. E sobre todo incidirase na repercusión das políticas occidentais e o comportamento das empresas multinacionais no Sur para que a cidadanía sexa quen de ver as conexións e como as relacións Norte-Sur son as causantes da situación de pobreza de millóns de persoas. Todo isto mantendo especial atención á situación das mulleres que sofren dobremente a inxustiza e a pobreza resultantes das relacións de poder xeopolíticas.

Para conseguir este obxectivo é fundamental difundir o modelo de cooperación de IMPLICADAS, facer fincapé nos efectos que as nosas actividades diarias teñen nas vidas das mulleres do Sur e buscar os medios para que as súas voces cheguen á cidadanía galega. Para iso realizaremos as seguintes actividades:

Accións:

- **Exposicións:** Implicadas conta cun dossier no que se inclúen todas as exposicións realizadas ata o de agora (e que seguen a ter interese na actualidade) para poder ofrecerllas a asociacións e ser presentadas en espazos culturais e expositivos. O obxectivo é lanzar as mensaxes entre público diverso en todas as cidades de Galicia. No período desta planificación, Implicadas ten previsto a creación de dúas novas exposicións que permitan actualizar o catálogo e achegar novas temáticas consonte aos proxectos da ONG.
- **Charlas e mesas:** Implicadas participará en todas aquelas charlas, conferencias e coloquios aos que sexa convidada para achegar a súa visión e misión. Búscase así chegar a un público receptivo e interesado en determinados temas, como a cooperación, o feminismo, os movementos sociais... É un marco que pode propiciar o achegamento a xente cos mesmos intereses e inquietudes e que queira mesmo converterse en activista da ONG. Por outro lado, Implicadas instalará mesas informativas en todas as actividades nas que participe, tanto para ofrecer información sobre a organización como para presentarlle os produtos da organización á cidadanía.
- **Implícate:** o festival Implícate é unha das actividades máis existosas de Implicadas e resulta fundamental para dar a coñecer o seu traballo e filosofía. A primeira edición tivo lugar no 2005 e na actualidade é un festival referente en Galicia. Durante todo este tempo permitiu darlle a coñecer a ONGD a un gran número de persoas. O obxectivo do '**Implícate! Noite de música e palabra solidaria**', no que diferentes artistas colaboran de xeito desinteresado e conseguen aunar cultura e solidariedade en Galicia, é dar a coñecer o traballo da organización, convidar o público a ver o mundo con outros ollos, reflexionar sobre el e mudalo, sempre dende Galicia, dende a conciencia crítica e a acción clara. Os cartos recadados con esta iniciativa destínanse integramente a financiar proxectos de cooperación para o desenvolvemento de Implicadas.
- **Concertos:** o obxectivo desta acción é chegar a un público máis diverso. Haberá que contar con entidades e artistas que se ofrezan a colaborar con nós para o seu desenvolvemento. Posto que se establecerá un prezo simbólico de entrada, estes concertos serán asimesmo

accións para recadar fondos. Estes eventos aproveitaranse ademais para poñer mesas informativas e de venda de produtos.

- **Axenda do desenvolvemento:** esta iniciativa, comezada por Implicadas no 2005, representa un soporte único para traballar durante un ano completo un tema en particular. A axenda desenvolverase ao redor do tema do ano e nela transmitiranse contidos e fotografías que reflectan os valores da organización.

Resultado A1.2:

- **Conseguir que cada vez máis persoas se convertan en activistas de Implicadas**

Implicadas é unha organización integrada, xa dende os seus comezos no ano 1998, por unha importante base de activistas, tanto presenciais coma virtuais. Ao remate da anterior PE (2009-2015), Implicadas contaba con 56 persoas activistas. É importante para a organización que este número medre e que o grupo de activistas se siga configurando. Ademais, durante esta nova etapa, cremos necesaria a reactivación de grupos de activistas, como os de Santiago e Vigo, así como a creación de grupos novos noutras cidades ou zonas rurais galega. A meta marcada ata o remate desta PE é incrementar os grupos virtuais en 15 activistas (é dicir, acadar tres novas activistas virtuais por ano) e os grupos presenciais en 25 (o que supón incorporar cinco novas activistas presenciais ao ano). A finais de 2020 Implicadas contaría en total con 40 persoas activistas máis dentro dos seus grupos de traballo.

Se o número de activistas aumenta, as actividades que se desenvolvan aumentarán tamén e posiblemente serán ademais máis diversas e ricas en contido. Isto repercutirá notablemente na visibilidade de Implicadas cara a sociedade en xeral e por suposto na sensibilización da cidadanía e na creación de novas consciencias críticas, ademais de verse tamén incrementada a parte económica e de fondos da organización. Neste sentido, levaranse a cabo durante esta nova etapa da presente PE unha serie de accións, algunhas delas cunha longa tradición en Implicadas, outras máis recentes e novidosas.

Accións:

- **Vanakkam**

É unha palabra támara empregada para dar a benvinda. Trátase dun programa formativo orientado á cooperación ao desenvolvemento que ten lugar anualmente e que no 2015 celebrará a súa IX edición. É unha das actividades máis estables da organización e céntrase fundamentalmente no traballo de IMPLICADAS e, en concreto, nos proxectos nos que a organización colabora na India (Támara Nadu) xunto coa súa contraparte PDI.

Este ciclo formativo consta de dúas partes. Por unha banda, a formación levada a cabo en Galicia e constituída por varias sesións en distintas fins de semana nas que se tratan temas como a cooperación ao desenvolvemento, o enfoque de xénero ou os proxectos de IMPLICADAS na India. Pola outra, unha viaxe á India que será posible para dez das persoas que completen a formación. O obxectivo da viaxe é ofrecer a posibilidade de coñecer de primeira man o labor que PDI desenvolve nos programas de cooperación vixentes nese período. IMPLICADAS e PDI encárganse da organización e do acompañamento durante a estada na India. Os desprazamentos e demais gastos da viaxe correrán a cargo das persoas participantes. O ciclo formativo do VANAKKAM celébrase todos os anos en Santiago de Compostela entre os meses de maio e xuño.

- **Escola feminista**

Seguindo o traballo comezado pola organización en 2011 a propósito da introdución do enfoque feminista na cooperación ao desenvolvemento, IMPLICADAS organizará cada ano unha nova edición da **Escola Feminista**. A temática variará cada ano en función dos aspectos que a organización considere máis importantes e relevantes.

Ao peche da anterior PE decidiuse que a Escola Feminista se desenvolvería nun único día e, en concreto, que fose sábado. Nesta xornada, terán lugar tres conferencias de 50 minutos de duración, impartidas por unha das relatoras convidadas, cun espazo de debate ao final de cada unha delas. As conferencias son artelladas como exposicións de elementos para o debate e polo tanto terán unha perspectiva panorámica.

- **A Nasa de Implicadas**

Grazas ás súas relacións coas contrapartes no Sur e con diferentes asociacións, colectivos e movementos sociais, Implicadas busca crear un espazo de debate arredor de diferentes temáticas no que participen autoras e expertas en diferentes ámbitos. O obxectivo, ademais de procurar a conexión con posibles activistas a través do debate e maila reflexión, é crear unha plataforma de publicación na que esta reflexión intelectual permita achegarlle novas ideas e conceptos á

ciudadanía. A primeira actividade consistirá en fomentar un debate arredor das políticas de cooperación nos partidos políticos dende o punto de vista de IMPLICADAS. Para isto serán convidadas determinadas autoras que analizarán o sistema de cooperación dende diferentes puntos de vista e lle achegarán unha visión crítica á cidadanía.

- **GAM**

Os grupos de axuda mutua son agrupacións de entre 12 e 20 mulleres que se reúnen de forma regular para crear un fondo común a partir dos seus aforros e dispor así de crédito. Alén de posuír esta dimensión económica, os grupos constitúen verdadeiros foros de empoderamento para as súas participantes, espazos de apoio mutuo, acción común e resolución de problemas individuais e colectivos. Os grupos de axuda mutua repousan sobre tres piares: o económico, o social e o político; e basean o seu funcionamento no recoñecemento das capacidades das mulleres para gobernar as súas vidas e tomar as súas propias decisións de forma democrática e informada. Os grupos non son entidades que se forman dende fóra; as organizacións que traballan con esta metodoloxía limítanse a facilitarlles ás mulleres os coñecementos necesarios para que elas mesmas xestionen o grupo. Deste xeito, a propia formación dun grupo só pode realizarse mediante dinámicas participativas nas que as propias mulleres dunha comunidade concreta seleccionan aquelas que están en situación de maior necesidade.

Creemos que sería sumamente enriquecedor trasladar esta metodoloxía, ferramenta básica dos programas de cooperación ao desenvolvemento de Implicadas, ao noso país. Con todo, a experiencia previa adquirida neste sentido non resultou demasiado positiva e no segundo intento de implantación aquí deberemos actuar con cautela. Creemos que ao longo dos cinco anos que abrangue a nova PE debemos en primeiro lugar difundir a metodoloxía GAM entre aquelas asociacións, organizacións e entidades que nos reclamen esta ferramenta e establecer logo as bases necesarias para poder formar ao final da etapa algún grupo nalgún lugar de Galicia.

COMUNICACIÓN

Obxectivo CO1:

- **Mudar as formas comunicativas Norte-Sur dende unha óptica feminista**

Unha boa parte das ONG que traballan pola erradicación da pobreza e a desigualdade no mundo continúan empregando aínda hoxe mensaxes paternalistas e asistenciais que tenden, en grande

medida, a perpetuar os roles de xénero. Implicadas traballa dende o enfoque de xénero a todos os niveis e, no ánimo de desenvolver unha política activa de superación da discriminación das mulleres e de creación de espazos nos que se faga oír a súa voz, cómpre que as formas de comunicación empregadas sexan enfocadas tamén dende unha perspectiva feminista.

Resultado CO1.1:

- **Darles voz ás mulleres do Sur nunha comunicación antiimperialista e o menos mediada posible**

Implicadas pretende loitar a prol de que sexa a propia voz das compañeiras do Sur a que se escoite no Norte, posto que non hai ninguén mellor ca elas para dar conta da súa situación e necesidades. Neste sentido, é necesario traballar para que as mensaxes tinguidas de paternalismo e asistencialismo non sexan as maioritarias nos medios de comunicación.

Accións:

- **Crear contidos propios**

Tanto a nova páxina web coma as contas nas redes sociais de Implicadas, así como o boletín mensual que a organización envía a persoas socias, voluntarias e simpatizantes, ofrecen grandes posibilidades á hora de crear contidos propios que axuden a espallar unha visión da cooperación ao desenvolvemento máis feminista e respectuosa cara ás comunidades coas que traballamos no Sur. Elaboraremos reportaxes, entrevistas, artigos de opinión e incluso material audiovisual propio cun dobre propósito: por unha banda, publicalos nos nosos propios medios de difusión (a páxina web e as redes sociais) e, por outra, envialos a medios de comunicación (tanto xeneralistas coma alternativos) para que difundan estes contidos ou para que elaboren outros a partir deles.

- **Establecer vencellos máis sólidos cos medios**

Existen medios de comunicación que, se ben non son os elixidos maioritariamente pola cidadanía, son consumidos por un público que, probablemente, se identifica máis coa ideoloxía e forma de traballar de Implicadas. Un exemplo sería a publicación online Pikara. Debemos aproveitar a oportunidade de establecer vencellos sólidos e continuados con este tipo de publicacións: colaboracións, artigos de opinión, reportaxes con mulleres do Sur, entrevistas...

- **Educar os medios**

Os medios de comunicación exercen unha grande influencia nas persoas e determinan de xeito innegable as súas opinións e decisións. En ocasións, o feito de que as mensaxes que estes medios transmiten non sexan axeitadas débese ao descoñecemento ou a carencia de formación en cuestións de xénero por parte do colectivo de profesionais. Implicadas, como organización de cooperación ao desenvolvemento que traballa dende unha perspectiva de xénero, debe asumir a tarefa fundamental de ofrecerlles ao colectivo de profesionais e aos medios de comunicación en xeral a posibilidade de aprender da nosa experiencia e comprender mellor o noso enfoque. Existen varios xeitos de logralo: por medio da elaboración e difusión de materiais e recursos, mediante a realización de obradoiros e charlas, etc.

Resultado CO1.2:

- Chegar á cidadanía coas nosas mensaxes e visibilizar as nosas accións

Implicadas no Desenvolvemento é unha organización comprometida co cambio social no noso país. Como xa mencionamos, traballamos en base á crenza de que a cooperación nos enriquece tanto a nós coma as persoas do Sur e no convencemento de que é posible un cambio a nivel global no tocante ao xénero, a sanidade, a educación, os dereitos humanos, a economía e demais factores que posibilitan o desenvolvemento humano perdurable. Queremos que esta mensaxe lles chegue clara e concisa aos medios e á sociedade en xeral e, para isto, realizaremos unha serie de accións.

Accións:

- Establecer un plan de comunicación

Un plan de comunicación é un documento fundamental no que se recollen as políticas, estratexias, obxectivos, accións e recursos referidos á comunicación, tanto interna coma externa, dunha organización. O plan de comunicación elabórase tendo en conta as circunstancias da organización en canto á contorna e ao funcionamento interno, así como o público ao que se dirixe, os obxectivos que persegue, a mensaxe que quere transmitir e os recursos (económicos e materiais) dos que dispón. Tamén deben terse en conta os medios que empregaremos para a comunicación: axendas, medios tradicionais, medios dixitais, boletíns, redes sociais, etc. O plan, unha vez executado, terá que ser sometido a unha avaliación para determinar se foron cumpridos os obxectivos marcados.

- **Reforzar o grupo de comunicación**

O grupo de comunicación é un dos que máis volume de traballo asumirá nos vindeiros anos, polo que será necesario que se compoña de activistas activas, eficientes e eficaces. O reforzo do grupo de comunicación pode lograrse por diversos medios: aumentando o número de activistas, reasignando tarefas e funcións, organizando obradoiros ou xornadas de formación (tanto online coma de xeito presencial) e implementando novas canles de comunicación interna (grupos de facebook, grupos de mensaxería instantánea, etc.)

- **Mellorar a presenza e efectividade nas redes sociais**

As redes sociais constitúen na actualidade unha das ferramentas máis poderosas para lograr que as nosas mensaxes gañen visibilidade e repercusión. Actualmente, a presenza de Implicadas nas redes sociais é satisfactoria: empregamos habitualmente plataformas como facebook e twitter, nas que acadamos máis de 2900 e 1400 seareiras respectivamente, como medio para o diálogo cos nosos públicos. No entanto, pretendemos mellorar a nosa presenza nas redes sociais nos vindeiros anos por medio do deseño e execución dunha estratexia de Social Media. Trátase de determinar unha serie de obxectivos, propor diversas accións en rede para acadar estes obxectivos (campañas, publicidade, eventos, etc.), marcar prazos e establecer sistemas de medición de resultados. Por outra banda, fomentaremos a participación e a interacción das socias e activistas nas redes sociais de Implicadas.

Obxectivo CO2:

- **Crear comunidade entre todas as persoas que integran IMPLICADAS**

As persoas que forman parte de Implicadas, ben como activistas, ben como socias ou ben como colaboradoras, identifícanse cuns valores e principios moi concretos que caracterizan a organización: solidariedade, feminismo, seriedade, participación, etc. O feito de que as persoas que formamos parte da organización compartamos esta visión brinda grandes posibilidades á hora de crear unha comunidade firme e forte que nos permita chegar máis lonxe. Por iso, debemos desenvolver accións encamiñadas a xerar ou reforzar o sentimento de pertenza a Implicadas entre as persoas que a integran, así como fomentar a súa participación en todo aquilo que se refira á organización.

Resultado CO2.1:

- **Aumentar a eficiencia do traballo**

Para satisfacción de todas as persoas que forman parte da organización, Implicadas conta cunha reputación innegable e unha identidade consolidada no panorama das ONGD. Nos vindeiros anos temos o deber de aproveitar esta identificación coa organización e esa loita por un obxectivo común para crear e reforzar a comunidade de Implicadas e que esta chegue a caracterizarse pola súa actitude dinámica, loitadora e unida. As persoas que integran esta comunidade como activistas e socias, comprometidas co noso labor en cooperación ao desenvolvemento e convencidas das nosas capacidades, axudarán a optimizar os resultados do noso traballo.

Accións:

- **Boletín**

O boletín mensual de Implicadas envíaselles a comezos de cada mes a persoas socias, voluntarias e simpatizantes da organización. Nel inclúese unha recopilación de todas as actividades previstas para o mes, así como referencias a eventos xa celebrados, novidades e información relativa aos programas de cooperación desenvolvidos na India. Existe un manual para a elaboración do boletín mensual no cal se explican as pautas que se seguen para a redacción e edición de cada boletín, así como o funcionamento da plataforma empregada (MailRelay).

- **Comunicacións ás socias**

Durante esta PE (2015-2020) IMPLICADAS desenvolverá as seguintes accións para que a comunicación coas socias siga sendo activa, fluída e actual:

- **Mantemento da lista de correo para as persoas asociadas.** Mediante esta lista mandaráselle a cada unha das persoas asociadas información constante sobre as actividades da organización por correo electrónico.
- **Elaboración e envío do boletín mensual.** IMPLICADAS seguirá elaborando todos os meses o boletín mensual no cal se recolle a información referente a actividades, eventos, campañas, etc. previstas para ese mes. O boletín envíaselles ás socias e aos socios por correo electrónico.
- **Celebración da Asemblea Xeral Ordinaria.** Unha vez ao ano, tal e como aparece reflectido nos estatutos de Implicadas, ten lugar a Asemblea Xeral onde se presentan as contas da organización, a memoria de todo o realizado o ano anterior, a planificación anual das

actividades que se teñen previstas, etc. Ademais se convocará unha Asemblea Extraordinaria, de ser o caso, para modificar os cargos da directiva de Implicadas.

- **Envío de comunicacións e informes específicos á base asociativa.** Seguiráselles enviando ás persoas socias por correo electrónico tanto os informes trimestrais coma anuais dos programas de cooperación que Implicadas teña vixentes durante este período 2015-2020.
- **Celebración de sorteos para a base asociativa.** Como medida para estreitar e dinamizar a relación coa base asociativa, faranse algúns sorteos entre as socias e socios de Implicadas.
- **Envío dunha carta a finais de ano.** A modo de agradecemento polo apoio, a colaboración e a fidelidade, IMPLICADAS mandaralles a finais de cada ano unha carta ás persoas asociadas a través do correo electrónico.

AVALIACIÓN

Un dos obxectivos desta planificación estratéxica é establecer obxectivos medibles que faciliten a avaliación. Planifícanse tres niveis ou fases de avaliación:

- **Avaliacións anuais:** O plan estratéxico será avaliado de xeito anual a través de memorias nas que a organización fará referencia específica aos obxectivos acadados no período correspondente.
- **Avaliación media:** na metade do período de vixencia da PE farase unha avaliación específica que permita analizar os logros e considerar unha reformulación de obxectivos.
- **Avaliación final:** ao final do período e como paso previo para a seguinte planificación estratéxica, farase unha avaliación de todo o período.

As avaliacións faranse da forma máis participativa posible, a través de grupos de traballo nos que participen tanto as activistas coma as socias.

ORZAMENTO

A continuación preséntase o orzamento coas previsións de crecemento económico de Implicadas tendo en conta os obxectivos marcados nesa Planificación Estratéxica e coas accións que se teñen previsto realizar nos vindeiros anos.

PLANIFICACIÓN ECONÓMICA 2016-2020

	ANO	2016	2017	2018	2019	2020
	INGRESOS	95.350,00 €	96.994, 00 €	101.306,0 €	104.618,00 €	107.930,00 €
Base asociativa		30.000,00 €	32.544,00 €	35.856,00 €	39.168,00 €	42.480,00 €
Abono cotas		30.000,00 €	32.544,00 €	35.856,00 €	39.168,00 €	42.480,00 €
Doazóns		8.000,00 €	8.150,00 €	8.150,00 €	8.150,00 €	8.150,00 €
Particulares		6.850,00 €	7.000,00 €	7.000,00 €	7.000,00 €	7.000,00 €
Entidades/Empresas		1.000,00 €	1.000,00 €	1.000,00 €	1.000,00 €	1.000,00 €
Teaming		150,00 €	150,00 €	150,00 €	150,00 €	150,00 €
Actividades propias de sensibilización		6.100,00 €	6.100,00 €	6.100,00 €	6.100,00 €	6.100,00 €
Implicate		3.000,00 €	3.000,00 €	3.000,00 €	3.000,00 €	3.000,00 €
Vanakkam		300,00 €	300,00 €	300,00 €	300,00 €	300,00 €
Escola Feminista		400,00 €	400,00 €	400,00 €	400,00 €	400,00 €
Deporte solidario						
Carreira Solidaria		1.000,00 €	1.000,00 €	1.000,00 €	1.000,00 €	1.000,00 €
Andaina Solidaria		200,00 €	200,00 €	200,00 €	200,00 €	200,00 €
Outros (entradas, inscrición en cursos...)		1.200,00 €	1.200,00 €	1.200,00 €	1.200,00 €	1.200,00 €

INGRESO VENDA MATERIAL	4.550,00 €	4.500,00 €	4.500,00 €	4.500,00 €	4.500,00 €
Merchandising Implicadas/comercio xusto/libros	2.000,00 €	2.000,00 €	2.000,00 €	2.000,00 €	2.000,00 €
Axendas	1.500,00 €	1.500,00 €	1.500,00 €	1.500,00 €	1.500,00 €
Cestas solidarias/rifas solidarias	1.000,00 €	1.000,00 €	1.000,00 €	1.000,00 €	1.000,00 €
Ilustracións	50,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Outros materiais					
OUTROS INGRESOS					
Financiamento Público EDUC para DESENVOLVEMENTO	46.700,00 €	46.700,00 €	46.700,00 €	46.700,00 €	46.700,00 €
Financiamento D. Xeral RREE e UE_Xunta de Galicia					
<i>Proxecto ED</i>	20.000,00 €	20.000,00 €	20.000,00 €	20.000,00 €	20.000,00 €
<i>Proxecto Fortalecemento</i>	25.000,00 €	25.000,00 €	25.000,00 €	25.000,00 €	25.000,00 €
Financiamento Local _Concello de Lugo	700,00 €	700,00 €	700,00 €	700,00 €	700,00 €
Financiamento Local _Concello de Vigo	800,00 €	800,00 €	800,00 €	800,00 €	800,00 €
Outras entidades (UDC, etc.)	1.000,00 €	1.000,00 €	1.000,00 €	1.000,00 €	1.000,00 €